

# ACTUACIÓNS DE BORDO

## RUTA DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 27 de xaneiro ao 16 de novembro de 2024

Horario: de 11:00 a 13:30 h

DIRECCIÓN: Carmen Rey

A arquitectura e o urbanismo contemporáneos son aínda os grandes descoñecidos da cidade de Santiago de Compostela. Por iso propoñemos un novo percorrido arquitectónico que anime a todos os públicos a percorrer a cidade e gozar da súa arquitectura para descubrir aqueles espazos urbanos que experimentaron transformacións nas últimas décadas.

Esta nova ruta recolle unha mostra das denominadas "arquitecturas de bordo", é dicir, actuacións que conectan zonas da cidade construídas en distintas épocas. Falaremos da relación entre a arquitectura e a paisaxe, da escala urbana, da incorporación dos espazos verdes á trama da cidade, do diálogo entre tradición e modernidade, da pedra e das novas linguaxes arquitectónicas.

Partiremos do exterior do CGAC, onde falaremos da importancia desta primeira obra de Álvaro Siza Vieira en Santiago de Compostela. Continuaremos a camiñada polo Parque de San Domingos de Bonaval, obra realizada pola paisaxista galega Isabel Aguirre en colaboración con Álvaro Siza; o complexo residencial da Caramoniña, de Víctor López Cotelo; e, desde a distancia, a intervención levada a cabo no Monte Gaiás, coa Cidade da Cultura. De regreso ao CGAC, falaremos da importancia das intervencións de pequena escala, co exemplo da Casa 2M, do estudio de arquitectura 2es+.

### CALENDARIO

27 de xaneiro. Prazo de inscrición: 18 e 19 de xaneiro  
10 de febreiro. Prazo de inscrición: 1 e 2 de febreiro  
16 de marzo. Prazo de inscrición: 7 e 8 de marzo  
12 de abril. Prazo de inscrición: 4 e 5 de abril  
25 de maio. Prazo de inscrición: 15 e 16 de maio  
8 de xuño. Prazo de inscrición: 30 e 31 de maio  
28 de setembro. Prazo de inscrición: 19 e 20 de setembro  
19 de outubro. Prazo de inscrición: 10 e 11 de outubro  
16 de novembro. Prazo de inscrición: 7 e 8 de novembro



La arquitectura y el urbanismo contemporáneos son todavía los grandes desconocidos de la ciudad de Santiago de Compostela. Por eso proponemos un nuevo recorrido arquitectónico que anime a todos los públicos a recorrer la ciudad y disfrutar de su arquitectura descubriendo aquellos espacios urbanos que han experimentado transformaciones en las últimas décadas.

Esta nueva ruta recoge una muestra de las denominadas "arquitecturas de borde", es decir, actuaciones que conectan zonas de la ciudad construidas en distintas épocas. Hablaremos de la relación entre la arquitectura y el paisaje, de la escala urbana, de la incorporación de los espacios verdes a la trama de la ciudad, del diálogo entre tradición y modernidad, de la piedra y de los nuevos lenguajes arquitectónicos.

Partiremos del exterior del CGAC, donde hablaremos de la importancia de esta primera obra de Álvaro Siza Vieira en Santiago de Compostela. Continuaremos la caminata por el Parque de San Domingos de Bonaval, obra realizada por la paisajista gallega Isabel Aguirre en colaboración con Álvaro Siza; el complejo residencial de A Caramoniña, de Víctor López Cotelo; y, desde la distancia, la intervención llevada a cabo en el Monte Gaiás, con la Ciudad de la Cultura. De regreso al CGAC, hablaremos de la importancia de las intervenciones de pequeña escala, con el ejemplo de la Casa 2M, del estudio de arquitectura 2es+.

### CALENDARIO

27 de enero. Prazo de inscrición: 18 y 19 de enero  
10 de febrero. Prazo de inscrición: 1 y 2 de febrero  
16 de marzo. Prazo de inscrición: 7 y 8 de marzo  
12 de abril. Prazo de inscrición: 4 y 5 de abril  
25 de mayo. Prazo de inscrición: 15 y 16 de mayo  
8 de junio. Prazo de inscrición: 30 y 31 de mayo  
28 de septiembre. Prazo de inscrición: 19 y 20 de septiembre  
19 de octubre. Prazo de inscrición: 10 y 11 de octubre  
16 de noviembre. Prazo de inscrición: 7 y 8 de noviembre

CARMEN REY (Santiago de Compostela, A Coruña, 1970) titulada superior en Arquitectura, na especialidade de Edificación, pola Universidade da Coruña. Traballa no exercicio libre da profesión desde o ano 2000.

Mostra do seu compromiso coa difusión da arquitectura e o urbanismo de Santiago é o seu labor desde 2002 no deseño e realización de rutas de arquitectura contemporánea para distintos organismos como o Colexio de Arquitectos de Galicia, o Concello de Santiago, a Xunta de Galicia e o CGAC.

Foi membro da Comisión de Cultura da Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (2003-2007) e representante desta institución como membro do Grupo Relator Técnico e da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Plan especial da cidade histórica de Santiago (PE-1) do Concello de Santiago (2015-2023).

Ademais, é socia de Arquitectos sen Fronteiras de Galicia e, desde marzo de 2019, membro individual do Comité Nacional Español de ICOMOS (Consello Internacional de Monumentos e Sítios).

CARMEN REY (Santiago de Compostela, A Coruña, 1970) titulada superior en Arquitectura, en la especialidad de Edificación, por la Universidad de A Coruña. Trabaja en el ejercicio libre de la profesión desde el año 2000.

Muestra de su compromiso con la difusión de la arquitectura y el urbanismo de Santiago es su labor desde 2002 en el diseño y realización de rutas de arquitectura contemporánea para distintos organismos como el Colegio de Arquitectos de Galicia, el Ayuntamiento de Santiago, la Xunta de Galicia y el CGAC.

Ha sido miembro de la Comisión de Cultura de la Delegación de Santiago del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia (2003-2007) y representante de esta institución como miembro del Grupo Ponente Técnico y de la Comisión Asesora de Patrimonio Histórico del Plan especial de la ciudad histórica de Santiago (PE-1) del Ayuntamiento de Santiago (2015-2023).

Además, es socia de Arquitectos sin Fronteras de Galicia y, desde marzo de 2019, miembro individual del Comité Nacional Español de ICOMOS (Consejo Internacional de Monumentos y Sítios).

#### INSCRIPCIÓN

A actividade é gratuíta. Para participar é necesario inscribirse previamente dentro dos prazos previstos para cada unha das sesións enviando unha mensaxe electrónica a [cgac.educacion@xunta.gal](mailto:cgac.educacion@xunta.gal) cos seguintes datos: nome completo, número de teléfono, correo electrónico e estudos, área de traballo ou interese. Poderanse inscribir un máximo de dous participantes mediante cada solicitude. As prazas cubriranse por orde de inscrición. As persoas rexistradas recibirán unha notificación do estado da súa solicitude por correo electrónico.

PRAZAS: 20

COORDINACIÓN: Virginia Villar

#### INSCRIPCIÓN

La actividad es gratuita. Para participar es necesario inscribirse previamente dentro de los plazos previstos para cada una de las sesiones enviando un mensaje electrónico a [cgac.educacion@xunta.gal](mailto:cgac.educacion@xunta.gal) con los siguientes datos: nombre completo, número de teléfono, correo electrónico y estudios, área de trabajo o interés. Se podrán inscribir un máximo de dos participantes mediante cada solicitud. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción. Las personas inscritas recibirán una notificación del estado de su solicitud por correo electrónico.

PLAZAS: 20

COORDINACIÓN: Virginia Villar

